

Mulleres e paxaros

a luz da lúa



A obra para comentar é “Mulleres e paxaros á luz da lúa”, realizada por Joan Miró. Pertence ao estilo ou movemento surrealista, que se desenvolve entre 1924 e os anos 30 do s. XX e que se sitúa nas chamadas vangardas históricas da primeira metade do século XX.

ANÁLISE. Sobre un fondo no que hai unha zona, a superior esquerda, onde predomina a cor vermella mentres o resto é de cor marrón, distínguense varias figuras, que representarían ás mulleres ás que se refire o título. Na parte inferior dereita aparece unha das figuras, concretamente delimitase cunha liña branca e non ten cor propia, dá a impresión que transparenta o fondo. Ao seu lado outras dúas figuras onde se se emprega a cor nos seus corpos: negro, vermello, azul. Na parte superior do lenzo aparece un semicírculo, que representaría a lúa, xunto a varias estrelas, unha delas lembra a un asterisco. O título da obra, “Mulleres e paxaro á luz da lúa”, indica claramente o que Miró representa, a cuestión é a linguaxe formal que utiliza, convertendo todos os elementos da obra nunha serie de símbolos moi persoais e que lembran ao modo de expresión sinxelo e inocente dos nenos.

A obra utiliza unha técnica de óleo sobre Lenzo, e utiliza unha pincelada homoxénea. Hai unha presenza da liña, que delimita claramente as formas. Cor: Na obra de Miró, como se pode ver na maioría das súas pinturas, a gama de cores empregada céntrase no negro, vermello, azul, amarelo. En todo caso son cores planas que, xunto á liña, provocan unha sensación de falta de volume, ou o que é o mesmo transmiten sensación de planitude. Non hai sensación de profundidade. As formas dispóñense sobre un fondo neutro, encima ou debaixo, pero non hai referencias espaciais que transmitan a sensación de que o espazo teña profundidade. A composición é aberta pois necesita do espectador e da súa imaxinación para entender o que o autor de modo tan persoal quere transmitir. A obra é figurativa e naturalista e é

SURREALISTA, é dicir, non pretende mostrar a realidade que rodea ao pintor. Na súa busca de liberarse das ataduras da temática e a técnica tradicional, Miró chega a unha redución de liñas e formas; pasa das figuras aos signos, de trazo inxenuo e infantil. Considera que é nesa etapa da infancia cando somos máis libres para poder expresar todo aquilo que o ser humano vive e sente. Así cada cadro é resultado dunha estudada simplificación, pero esa linguaxe de signos, por difícil que pareza, vólvese natural e evidente para o espectador ao familiarizarse coa súa obra.